

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a **MOCIÓN DE REXEITAMENTO DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2019.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 constitúe unha auténtica labazada para Galiza e para Ourense e confirma que o cambio de goberno no Estado español non supuxo, na práctica, mudanza nas políticas con respecto ao noso país, e que deben ser contestados con coherencia, firmeza e unidade desde Ourense e a súa representación política, pois de mantérense van ser un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social da nosa provincia.

No proxecto para 2019 agravio ao noso país mantense continuando a liña de grandes recortes do executivo anterior. É inaceptábel para Galiza unha redución de investimento deste calibre, mais aínda nun momento en que a precariedade social e laboral, a emigración xuvenil ou o posíbel peche de empresas de relevancia caracterizan a realidade socioeconómica que padecemos.

O investimento territorializado en Galiza sofre no 2019 un forte retroceso, xa que se sitúa en 757,1 millóns de euros, isto é, 180 millóns de euros menos que o orzamentado para o ano 2018, polo tanto unha redución do 19,2%. Deste xeito, a porcentaxe de investimento en Galiza sobre o conxunto estatal tamén diminúe fortemente, xa que pasa de representar o 9,2% do total no 2018 a representar o 6,2%. Así, o peso do investimento territorializado do noso país sobre o conxunto estatal redúcese en 3 puntos porcentuais, isto é, nun 32,6% con respecto ao ano 2018. O contraste dos datos con respecto a outras comunidades (Valencia, Cataluña, Andalucía) é simplemente insultante para a sociedade galega.

Alén destas cuestións, cómpre ter en conta que chove sobre mollado, xa que nos últimos anos o investimento territorializado para Galiza experimentou continuos descenso. O orzamento para o noso país no 2017 foi de 924,64 millóns de euros, 442,65 millóns de euros menos que en 2016, unha redución do 32,4%, é dicir, reduciuse nun terzo nun só ano, e para o 2018 o incremento experimentado foi do 1,2%, o mesmo que o IPC do pasado ano, polo que supuxo unha conxelación en termos reais.

Máis aínda, cabe sinalar que dende o ano 2004 o investimento en Galiza só foi inferior aos mil millóns de euros nos últimos tres (2017, 2018 e proxecto para 2019). Ademais, o

ano con maior orzamento (2009) a contía orzamentada triplicou á consignada neste proxecto (2.116 millóns fronte a 757).

Este panorama é inaceptábel e repercute en que os orzamentos teñan grandes ausencias e que a planificación de moitos proxectos comprometidos desde hai anos, nomeadamente infraestruturas, dificilmente vaian ser unha realidade neste exercicio. E isto tamén ten unha incidencia directa sobre os veciños e veciñas da provincia.

Ourense é unha provincia cunha enorme potencialidade que ten sido lastrado pola falta de poder político e dun financiamento inxusto, ao que agora se suma un proxecto que coarta aínda máis a capacidade de acción e impulso nun momento de desaceleración económica e no que os indicadores de benestar nin sequera acadaron os niveis previos á irrupción da anterior recesión económica e sofren o impacto dunha década de recortes e políticas do Partido Popular en Madrid e Santiago.

Por iso, a sociedade Galega precisa que se active politicamente canto antes o debate e o traballo ao redor dunha axenda galega de grandes temas. Galiza precisa unha resposta á altura das circunstancias históricas, e por iso desde o BNG vimos demandando grandes acordos de país na defensa dos intereses da sociedade galega.

Estes orzamentos son especialmente lesivos para Ourense, convertendoa na provincia máis marxinada do Estado Español. Unha provincia onde temos unha economía en desaceleración, hai están os datos da EPA, coas pensións e os salarios máis baixos do estado. Para que Ourense saia da irrelevancia política actual e as demandas da nosa sociedade pasen a estar na axenda política é fundamental sumar forzas, reforzar un espazo político propio, coas ideas claras e o centro de decisión na propia sociedade. Hoxe temos unha oportunidade de fuxir da autocomplacencia e actuar como provincia, con responsabilidade, en demanda duns orzamentos xustos para Ourense.


Por todos estes motivos, o BNG solicita do Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Manifestar o seu rotundo desacordo co Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 por constituír unha discriminación para Galiza e singularmente para Ourense.**
- 2. Solicitar aos e ás representantes elixidas por Ourense que formulen emenda á totalidade a este proxecto de orzamentos e establezan unha negociación co goberno do estado que incorpore, como mínimo, un investimento semellante aos investimentos de 2009 e coas seguintes prioridades:**
 - 2.1. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).**
 - 2.2. Compromiso para activar unha Tarifa eléctrica galega que rebaixe a factura da luz particulares e empresas.**
 - 2.3 Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, con dotacións, que garantan os prazos de chegada do AVE a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade**

- 2.4 impulso en todo o territorio galego o tren de proximidade
 - 2.5 incorpore as adaptacións necesarias para facilitar o transporte de mercadorías
 - 2.6 Axilización de autovías que levan anos de atraso, como é o caso da A-76, da autovía Lugo-Ourense, ademáis dun plan de investimentos extraordinario para acabar coa elevada sinistralidade viaria que teñen as estradas dependentes do Estado en Galiza.
 - 2.7 Plan de saneamento e recuperación dos ríos galegos de xestión estatal a través das Confederacións Hidrográfica do Miño-Sil e do Douro para a reparación dos graves problemas ambientais dos ríos do sur.
 - 2.8 Modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación de cobrar 50 euros menos de financiamento por habitante.
 - 2.9 Financiamento dun plan de retorno para a emigración que facilite o regreso a Galiza das persoas que tiveron que emigrar ao longo dos últimos anos pola falta de oportunidades, algo que na nosa Provincia é unha constante.
- 3 Un xulgado específico para Ourense de Violencia de Xénero.
 - 4 Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, aos Grupos políticos do Congreso dos Deputados, aos Grupos políticos do Parlamento Galego e ao Goberno da Xunta de Galiza.

Ourense, 7 de febreiro de 2019



asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE